

PEITOS ETERNOS

Kinuyo Tanaka, 1955

1119

ESTREA EN NUMAX: 06.06.2023 | V.O.S.E. | 110 min

Fumiko, nai de dous fillos e esposa dun home infiel que amosa unha baixa autoestima, comparte a súa vida familiar coa súa durmida vocación de poeta. O inicio da súa carreira literaria de éxito coincide co seu divorcio e o desenvolvemento dunha grave enfermidade.

«Hai unha sinceridade e unha franqueza descarnadas»

Kieron Corless, SIGHT & SOUND



A atención á maneira en que unha muller é e non é unha muller

Por Miriam Martín

Comezamos na periferia dunha cidade xaponesa de cando as periferias das cidades eran o campo, nunha casa con moitas tarefas que atender e unha muller para atendelas: Fumiko. O seu marido desprézaa, a súa nai ordénalle que aguante. Ela escribe poemas, fabrica poemas con ou contra o seu destino que algúns tachan de “esaxerados” e que ela considera sinxelamente “verdadeiros”. Outros abstráense un pouco máis e falan “da verdade das mulleres”. Ela, algúns e outros forman parte dun círculo de poetas, un espazo de traballo común no que Fumiko pon a proba a súa capacidade, expoñéndose a si mesma ata o punto de suscitar chismes, tristeza ou preocupación. E, a pesar disto, do rumor e a pena, que distinta é a vulnerabilidade que se dá entre iguais. De vez en cando soa a encantadora música dun acordeón acompañando a dous nenos non menos encantadores, unha especie de interrupción no malestar circundante, que enseguida nos alcanzará: Fumiko e o seu marido divorciaranse e o divorcio separará os irmáns.

E entón a vida de Fumiko, que podería cambiar, en lugar de cambiar entra en suspenso, todos os que a rodean esperan que volva poñerse no seu sitio, que volva casar. Para este intervalo Tanaka coreografía unha escapada, unha inadecuación: Fumiko escapa da voda do seu irmán, na que por suposto debería estar, e acaba visitando a quen non debe e confesando o que non debe. Son apenas unhas horas de estraña valentía, un indicio da emancipación por vir: facer saber a alguén, polo menos a alguén, o que pensa e o que sente, perturbar durante unhas horas a orde do mundo. E crear un novo, un no que, de volta ao fogar provisional no autobús, a bufanda da persoa que ama abrigue a súa filla pequena: composición e alegría perfectas.

Pero a perturbación definitiva da orde do mundo propiciaralle o cancro. Imprevisible, paradoxalmente incluso, a vida de Fumiko deixará de parecernos trágica xusto cando vai morrer. Perdeu a súa “feminidade”, a súa existencia metonímica: se unha muller é unha esposa e unha nai son as súas tetas, que é Fumiko agora, soa e co peito queimado, morrendo no hospital? (...) E así chega a secuencia na que eu me pregunto, que sabe o cinema do desexo das mulleres? Sabe, sobre todo, o que mostraron os filmes dos homes. E resulta que, cando o desexo dunha muller é filmado por outra nin o desexo das mulleres nin as mulleres mesmas son como se supón que son.

O que sucede nesta secuencia é, se se me concede o oxímoro, dunha delicadeza brutal. Fumiko quere bañarse onde se bañaba a persoa que amaba, o home da bufanda, ao que confesou o que non debía e que agora está morto. E pídello á viúva, que é tamén a súa amiga, sen consentir que ela tome o seu xesto por un capricho de enferma: dálle as súas razóns. Hai que vela percorrer co dedo ese barreño de madeira, hai que escoitala cantar. Cando ese plano chega, por certo, o que sinto xa é vertixe ao imaxinar todo o que o cinema nunca soubo das mulleres, da experiencia da desigualdade, dos afectos e as relación que inventaron a pesar ou quizais grazas á ausencia de poder, ao illamento social.

Kinuyo Tanaka filma con determinación. E fai que algo apareza, algo como o indicio dunha forma de vida posible, unha hipótese ética. Como se ao fin comprendésemos que imos morrer e se impuxese o esencial, os xestos máis simples, os que nos inclúen en todo o demais.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

El libro de la almohada,
Sei Shōnagon.
Satori, 2021